







Reto 6: Xoga conmigo



EDUCACIÓN
INFANTIL
CEIP DE PONZOS



Xoga comigo:

Esta semana queremos destacar a importancia do xogo na etapa de educación infantil.

Mediante o xogo poden equivocarse e aprender de maneira natural e desenfadada, isto axudaralles a conseguir confianza en si mesmos e diminuír o medo para fallar, reforzando a súa autoestima.

Para contrarrestar a tendencia de pasar horas fronte unha pantalla (televisión, consola, tablet, etc.) propoñémosvos retomar algúns xogos tradicionais para xogar en familia ou cos amigos.

Así, presentámosvos unha clasificación en 4 tipos de xogos para darvos algunhas ideas.

**ESTE RETO CONSISTE EN
XOGAR!
ESTADES PREPARADOS???**





Xogos de creatividade:

Como pictionary (adivñar unha palabra mediante un debuxo), afogado, tutifrutí, xogo da cadeira, mímica (adivñar películas mediante xestos), Simón dice, baile (tipo tik-tok) etc.

Xogos de cooperación:

Como deporte en familia non competitivo, canicas, galiña cega, o globo (tentar entre todos que non chegue ao chan), o baile da mazá, etc.

Xogos de resolución de conflitos:

Como bingo, oca, parchís, dominó, twister, 3 en raía, memory, damas, teatro, títeres, etc.

Xogos de pensamento lateral:

Como quebracabezas, construcións, cartas, xadrez, tangram, sodokus, tragabolas, petanca, bolos, buxaina, tentar coller obxectos cós pes. etc.



Proposta de actividades:

(Facer as actividades que queirades, unha ou dez, disfrutade do reto, só hai que xogar):

- Crea o teu propio xogo, ponlle nome, escribe as regras do xogo.
- Fai un taboleiro de oca, parchís, xadrez ou do que ti queiras para decoralo como máis che guste.
- Decora pedras para xogar ao 3 en raía, fai tarxetas para o pictionary, crea con masa de modelar as túas pezas de xadrez... deixa voar a tua creatividade!
- Envía fotos en horizontal xogando aos xogos que máis che gustaron á túa titora, así como do teu xogo inventado.




Ester: e.lombardia@edu.xunta.es

Maca: makita@edu.xunta.es


Vero: mariaveronicaromero@edu.xunta.es

Data límite: 22 de maio

ALGÚNS EXEMPLOS:



ALGÚNS EJEMPLOS:



Links para ideas:

<https://www.titerenet.com/>

<http://www.sigilofdreams.com/pasatiempos/sudokus-lego/>

<https://www.guiainfantil.com/articulos/ocio/juegos/juegos-con-cartas-para-los-ninos/>